

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL

21054 *Real decreto 2009/2009, do 23 de decembro, polo que se modifica o Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado polo Decreto do 17 de xuño de 1955.*

A aprobación da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que traspón a Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro, do Parlamento Europeo e do Consello, de servizos no mercado interior, supón un novo marco de referencia na regulación do sector servizos.

Así mesmo, a nova redacción do artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que adapta ese artigo á citada Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro, introduciu a comunicación previa ou a declaración responsable como mecanismo ordinario de intervención no ámbito local, xunto ás licenzas, que quedarán suxeitas, respecto das actividades de servizos, aos principios incorporados ao noso ordenamento xurídico pola Lei 17/2009, do 23 de novembro. Estes principios implican a introdución de novas formas de control da actividade máis eficaces, pero menos gravosas para cidadáns e empresas.

Por tanto, cómpre realizar unha modificación da redacción dos artigos 5 e 22.1 do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado polo Decreto do 17 de xuño de 1955, exclusivamente co fin de adecuar o seu contido ao previsto na mencionada modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, e sen menoscabo das competencias normativas que corresponden ás comunidades autónomas e da autonomía local.

Así mesmo, suprímense os artigos 8 e 15.2 dado que son manifestamente incompatibles coa nova redacción da Lei 7/1985, do 2 de abril, así como co contido e principios da Lei 17/2009, do 23 de novembro.

Este real decreto dítase en virtude do previsto no 149.1.18ª, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Na elaboración e tramitación deste proxecto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades locais.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Política Territorial, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros no día 26 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado polo Decreto do 17 de xuño de 1955.*

O Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado polo Decreto do 17 de xuño de 1955, queda modificado como segue:

Un. O artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«A intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados exercerase polos medios e principios enunciados na lexislación básica en materia de réxime local.»

Dous. Suprímese o artigo 8.

Tres. Suprímese o número 2 do artigo 15.

Catro. O número 1 do artigo 22 queda redactado do seguinte modo:

«A apertura de establecementos industriais e mercantís poderase suxeitar aos medios de intervención municipal, nos termos previstos na lexislación básica en materia de réxime local, e na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial,
MANUEL CHAVES GONZÁLEZ